

TEST ASESOR XURÍDICO SERVIZOS SOCIAIS AMES

1. O Artigo 4 da Ordenanza da Renda Social de Garantía Mínima e das Axudas para a recuperación en Situacións de Emerxencia Social do Concello de Ames indica:
 - a) as persoas beneficiarias
 - b) os requisitos das persoas beneficiarias
 - c) o obxecto e a finalidade destas axudas
 - d) ningunha é correcta

2. O Código Civil establece que a garda e protección da persoa e dos seus bens ou soamente da persoa ou dos bens dos menores ou incapacitados realizárase, nos casos que proceda, mediante:
 - a) a tutela
 - b) a curatela
 - c) o defensor xudicial
 - d) todas son correctas

3. O rexistro de parellas de feito de Galicia está regulado:
 - a) Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
 - b) Lei 10/2007, de 28 de xuño, que reforma parte da Lei 2/2006 de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
 - c) Ambas son correctas
 - d) Ningunha é correcta

4. Os requisitos para acceder a unha pensión non contributiva de xubilación son, entre outros:
 - a) ter 60 anos de idade ou máis
 - b) ter o 65 % ou máis de grao de discapacidade
 - c) Residir legalmente no territorio español e telo feito durante 10 anos entre a idade de 16 anos e a data dende a cal ten dereito a percibir a pensión, dos cales 2 teñen que ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.
 - d) Todas son correctas

5. Cal das seguintes afirmacións é a correcta:
 - a) A pensión de viudedade é compatible con calquera renda de traballo do beneficiario e coa pensión de xubilación ou incapacidade permanente á que o mesmo tivera dereito.
 - b) A pensión de viudedade é incompatible con calquera renda de traballo do beneficiario e coa pensión de xubilación ou incapacidade permanente á que o mesmo tivera dereito.
 - c) A pensión de viudedade, cando o causante non se atopase en alta ou en situación asimiliada á alta en data do falecemento, será compatible co recoñecemento de outra pensión de viudedade en calquera dos réximes da Seguridade Social.
 - d) Todas as afirmacións son correctas

6. O Artigo 17 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, indica:
- a) do recoñecemento e acreditación dos CIM
 - b) competencia
 - c) Da extinción do recoñecemento dos CIM
 - d) Ningunha é a correcta
7. Para a inscrición das parellas de feito, os seus membros deberán cumprir os seguintes requisitos:
- a) Ser maiores de idade.
 - b) Acreditar o empadramento dos membros da parella no mesmo domicilio, nalgún municipio de Galicia.
 - c) Ningunha é correcta
 - d) Ambas son correctas
8. Para poder acceder a unha pensión non contributiva de xubilación, non se computan como rendas ou ingresos:
- a) as asignacións económicas por fillo a cargo, teña ou non a condición de discapacitado, nas súas distintas modalidades, outorgadas polo sistema de Seguridade Social.
 - b) As deducións fiscais de pago directo por fillos menores a cargo.
 - c) Os subsidios de modalidade e compensación de gastos de transporte previstos na LISMI.
 - d) Todas son correctas
9. A validez da tarxeta sanitaria que acredita a asistencia sanitaria para españois de orixe retornados e para pensionistas e traballadores/as por conta allea que se despracen temporalmente ao territorio nacional é de:
- a) será de 12 meses desde a data de expedición, podendo renovarse por períodos de doce meses.
 - b) Será de 12 meses desde a data de expedición, non podendo renovarse.
 - c) Será de 12 meses desde que chega a territorio da Comunidade Autónoma.
 - d) Ningunha é correcta.
10. Unha pensión de orfandade pode extinguirse polas seguintes causas, entre outras:
- a) Por cumprir 21 anos (salvo que, no momento, tivera reducida a súa capacidade de traballo nunha porcentaxe valorada nun grao de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez)
 - b) Por cesar na incapacidade que lle outorgaba o dereito á pensión.
 - c) Por adopción.
 - d) Todas son correctas
11. Para os efectos da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, merecen unha protección especial os seguintes grupos de familias, entre outras:
- a) As familias numerosas.

- b) As familias monoparentais.
- c) As familias con persoas maiores ao cargo.
- d) Todas son correctas

12. Os eixos de actuación do Plan Rehavita son, marca a correcta:

- a) acceso á vivenda, rehabilitación de vivendas e renovación urbana, outras medidas en materia de vivenda
- b) a inclusión residencial
- c) prevención da exclusión residencial
- d) a) e c) son correctas

13. O Título I da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, leva como nome:

- a) medidas para a incorporación laboral das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia
- b) Axudas de Inclusión Social (AIS)
- c) Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)
- d) Ningunha é correcta

14. O Artigo 3 do Real Decreto Legislativo 240/2007, de 16 de febreiro, polo que se regula a entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e de outros Estados da Unión Europea e doutros Estados e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, fala sobre:

- a) Entrada
- b) Saída
- c) Dereitos
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta

15. Na Ordenanza Municipal reguladora das tarxetas de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida e das tarxetas de accesibilidade do Concello de Ames, o seu Artigo 2 leva por nome:

- a) Solicitudes
- b) Requisitos
- c) Competencia
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

16. Ten a condición de persoa con discapacidade, aquela que teña recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior a:

- a) 33 %
- b) 45 %
- c) 65 %
- d) 25 %

17. O Título II Capítulo II da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, leva por nome:

- a) Medidas de ámbito sanitario
- b) Medidas de ámbito psicolóxico

- c) Medidas de ámbito xudicial
- d) Outras medidas de apoio e protección

18. A prestación de maternidade e de paternidade é:

- a) Son prestacións económicas.
- b) Tratan de cubrir a perda de rendas de traballo ou ingresos que sofren os traballadores.
- c) É percibida cando se interrompe a actividade para gozar dos períodos de descanso en caso de nacemento dun fillo, adopción ou acollemento.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

19. Son trámites previos ó retorno de emigrantes retornados:

- a) Baixa consular
- b) Empadramento
- c) Automóviles: franquicia e matriculación
- d) As respostas a) e c) son correctas

20. A prestación de incapacidade temporal da Seguridade Social é:

- a) É un subsidio diario que cubre a perda de ingresos do traballador producida por unha enfermidade ou accidente que lle imposibilita temporalmente para traballar e que precisa asistencia sanitaria da seguridade social.
- b) É un subsidio mensual que cubre a perda de ingresos do traballador producida por unha enfermidade ou accidente que lle imposibilita temporalmente para traballar e que precisa asistencia sanitaria da seguridade social.
- c) É un subsidio mensual que cubre a perda de ingresos do traballador producida por unha enfermidade ou accidente que lle posibilita temporalmente para traballar e que precisa asistencia sanitaria da seguridade social
- d) É un subsidio diario que cubre a perda de ingresos do traballador producida por unha enfermidade ou accidente que lle posibilita temporalmente para traballar e que precisa asistencia sanitaria da seguridade social

21. Para poder cobrar unha pensión de xubilación, cal é a resposta correcta:

- a) Ter un período mínimo de cotización de 15 anos.
- b) Ter un período mínimo de cotización de 15 anos, dos cales polo menos 2 deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ó momento de causar o dereito.
- c) Ter un período mínimo de cotización de 15 anos, dos cales polo menos 5 deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ó momento de causar o dereito.
- d) Ter un período mínimo de cotización de 10 anos, dos cales polo menos 2 deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ó momento de causar o dereito.

22. Os españois perderán a nacionalidade cando:

- a) Estean emancipados, residan no estranxeiro e adquiren voluntariamente outra nacionalidade
- b) Pódese evitar esta perda si no prazo de tres anos declaran a súa vontade de conservar a súa nacionalidade.
- c) Ambas respostas son correctas.

d) Ambas respostas son incorrectas.

23. Son trámites posteriores ó retorno de emigrantes retornados:

- a) Documento Nacional de Identidade
- b) Certificado de emigrante retornado
- c) Renovación do permiso de conducir español caducado
- d) Todas son correctas

24. A pensión alimenticia asignada:

- a) Extínguese cando os fillos cumbran a maioría de idade.
- b) Non se extingue, é unha pensión vitalicia.
- c) Non se extingue cando os fillos cumbran a maioría de idade, continúa a obrigación de pago mentres se estean formando, poñan da súa parte nos estudos e non teñan recursos económicos propios.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

25. Á hora da inscrición dun nacemento no rexistro civil constará especialmente, entre outras:

- a) Nome que se lle da ó nacido.
- b) Hora, data e lugar de nacemento.
- c) Se o nacido é varón ou muller.
- d) Todas as respostas son correctas.

26. As diferencias entre separación é divorcio, marca a afirmación falsa:

- a) A separación non pon fin ó matrimonio, non dissolve o vínculo matrimonial, o divorcio si, obtense mediante sentenza xudicial.
- b) O divorcio non produce a disolución do réxime económico matrimonial.
- c) Despois do divorcio os cónxuxes poden volver a contraer matrimonio entre sí ou con outras persoas, na separación isto non ocorre pois o vínculo matrimonial sigue vixente.
- d) Despois do divorcio os cónxuxes non poden volver a contraer matrimonio.

27. Cales son os réximes económicos matrimoniais que existen en España:

- a) Réxime económico de gananciais.
- b) Réxime económico de participación
- c) Réxime económico de separación de bens.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

28. A pensión alimenticia asignada comprende:

- a) Solo os gastos de alimentación.
- b) Todo o indispensable para o sustento, habitación e vestido
- c) Asistencia médica e educación
- d) As respostas b) e c) son correctas.

29. A renda social municipal de Ames será compatible coa Renda de Inclusión Social de Galicia, cando:

- a) Cando exista un factor de risco de exclusión social grave.
- b) Cando a unidade familiar de convivencia non pase do límite de acumulación de recursos indicado.
- c) A renda social municipal de Ames é incompatible coa Renda de Inclusión Social de Galicia.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

30. Quen pode solicitar a presentación de inscrición dun nacemento:

- a) A dirección dos hospitais, clínicas e establecementos sanitarios.
- b) Os proxenitores
- c) O parente máis próximo, ou no seu defecto, calquera persoa maior de idade presente no lugar.
- d) Todas as respostas son correctas.

31. Segundo a Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, poderase eximir do requisito xeral da non existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos ou considerar que non teñen obriga a obriga de prestar alimentos cando:

- a) que se prevexa que a obriga do alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do que exista constancia no expediente.
- b) persoas que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo.
- c) persoas que residan noutra provincia distinta a da unidade familiar do solicitante.
- d) a e b son correctas.

32. Segundo a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, os informes sociais e a proposta de proxecto de integración social deberanse remitir:

- a) No prazo dun mes.
- b) No prazo de quince días no caso de persoas solicitantes vítimas dunha situación de violencia de xénero.
- c) No prazo de 10 días segundo a lei de procedemento administrativo.
- d) a e b son correctas.

33. De conformidade co estipulado na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios financiaranse por medio **(sinale a resposta falsa)**:

- a) Dos créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares do servizo.
- b) De calquera achega pública ou privada destinada a este fin.
- c) De transferencias finalistas correntes da Xunta de Galicia, destinadas aos servizos sociais comunitarios en función do seu número de habitantes.
- d) Das achegas con carácter finalista consignadas nos orzamentos xerais do estado.

34. Segundo o establecido na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, terán a consideración de prestacións económicas:

- a) As rendas de inclusión social.
- b) As prestacións económicas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero.

- c) As axudas de emerxencia e necesidade social.
- d) Todas son correctas.

35. A Lei 13/2008, servizos sociais de Galicia contempla como infraccións administrativas graves:

- a) O incumprimento do deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións.
- b) A obstrución ao labor inspector.
- c) Non contar co persoal suficiente e/ou coa titulación esixida, de acordo co tipo de actividade e número de persoas atendidas no centro, servizo ou programa.
- d) Todas son correctas.

36. De conformidade co previsto na Lei 39/2006, a decisión sobre o ingreso nun centro residencial:

- a) Adoptarase libremente a persoa en situación de dependencia.
- b) Adoptarase polas persoas cuidadoras.
- c) Adoptarase polo traballador social que elabora o Plan Individual de Atención.
- d) Adoptarase polas persoas cuidadoras, previa comunicación á delegación provincial da Consellería de Política Social.

37. As intervencións, programas, servizos e prestacións desenvolvidas no "catálogo de servizos sociais" descrito na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia poderán ser:

- a) Básicas, específicas e especializadas.
- b) Garantirán o acceso ao sistema galego de servizos sociais, con carácter gratuíto das persoas con insuficientes recursos económicos.
- c) Esenciais e normalizadoras.
- d) b e c son verdadeiras.

38. Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a intervención profesional nos servizos sociais terá como normal xeral:

- a) Un carácter multidisciplinario na procura dunha atención especializada e educativa.
- b) Un carácter interdisciplinario na procura dunha atención sectorial.
- c) Un carácter multidisciplinario na procura dunha atención integral.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

39. Que é autonomía persoal, segundo a Lei 39/2006, do 14 de febreiro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención á persoa en situación de dependencia?

- a) É a realización de tarefas elementais da persoa.
- b) Cando a persoa aínda pode valerse por si mesma.
- c) É a situación permanente, na que se atopan as persoas que precisan axudas importantes doutra ou outras persoas para realizar actividades básicas da vida diaria.
- d) É a capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias.

40. A prioridade no acceso aos servizos previstos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia virá determinada por:

- a) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel atenderase á capacidade económica do solicitante.
- b) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel terá preferencia o solicitante de maior idade.
- c) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel terá preferencia o solicitante de menor idade.
- d) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel será determinante a data de solicitude.

41. Síñale cal dos seguintes NON é un requisito para poder beneficiarse das axudas de inclusión social de Galicia segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro:

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter residencia legal.
- c) Estar empadroado ou empadroada e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda. Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos da aplicación desta medida, aqueles que, correspondendo ás persoas integrantes da unidade de convivencia independente, non sexan superiores ao 125% do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia computando devanditos ingresos nos termos sinalados ao regular a renda de inclusión social de Galicia.

42. O Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, habilita para, en relación coas actividades de formación:

- a) Convocar exclusivamente mulleres en calquera das actividades de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa.
- b) Convocar, para unha maioría as mulleres, actividades de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa só cando o número de mulleres inscritas no Servizo Público de Emprego do ámbito sectorial da actuación sexa maior que o de homes.
- c) Convocar exclusivamente mulleres en calquera das actividades de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa só cando o número de mulleres inscritas no Servizo Público de Emprego do ámbito sectorial da actuación sexa maior que o de homes.
- d) Todas son falsas.

43. Non é un dos principios de actuación da Comunidade Autónoma Galega en materia de igualdade previstos no art. 1 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro:

- a) A busca da eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas.
- b) A adopción de medidas de fomento da maternidade como función social e ben insubstituíble que os poderes públicos protexen.
- c) A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico.
- d) A modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, con vistas a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos.

44. Segundo o decreto 130/2016, do 15 de setembro, os centros de información á muller (CIM) disporán do seguinte persoal:

- a) Como mínimo, un director e un asesor xurídico.
- b) Un director e un asesor psicolóxico e, en todo caso, o persoal técnico de apoio necesario.
- c) Un director, un asesor xurídico e un asesor psicolóxico, como mínimo.
- d) Un director, un asesor psicolóxico e o persoal técnico e administrativo de apoio.

45. Segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, NON forma parte dos grupos de familias que merecen especial protección:

- a) As familias monoparentais.
- b) As familias acolledoras.
- c) As familias con persoas maiores a cargo.
- d) As familias con menores a cargo.

46. Non é unha competencia municipal das atribuídas pola Lei 3/2011, do 30 de xuño:

- a) A prestación de servizos sociais comunitarios e básicos.
- b) O mantemento dos centros de atención primaria de saúde.
- c) A execución de programas destinados á atención á familia.
- d) O desenvolvemento de programas de promoción da saúde.

47. Non é un medio de acreditación da situación de violencia de xénero, segundo o art. 5 da Lei 11/2017, do 27 de xuño:

- a) Informe policial que indique a existencia de indicios de violencia.
- b) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- c) Certificación da orde de protección ou medida cautelar.
- d) Certificación ou informe dos servizos sanitarios da Administración pública autonómica.

48. Segundo o art. 4 do RD 557/2011, do 20 de abril, non é un requisito para a entrada dun estranxeiro en territorio español:

- a) Non supor un perigo para a saúde pública ou as relacións internacionais de España.
- b) Xustificar o obxecto e as condicións de entrada e estancia nos termos do art. 8 do RD 557/2011.
- c) Ser titular dun pasaporte ou documento de viaxe.
- d) Ser titular dun NIE (número de identificación de estranxeiros).

49. Segundo a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia:

- a) Poden constituír unha parella de feito os maiores de idade ou menores emancipados, capaces, que convivan con intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal.
- b) Non poden constituír parellas de feito os colaterais por consanguinidade ata o terceiro grao.

- c) Os membros dunha parella de feito poderán formalizar en escritura privada os pactos que estimen convenientes para rexer as súas relacións económicas sen máis límite que o respecto á igualdade.
- d) Non poden constituír parellas de feito os colaterais por adopción ata o segundo grao.

50. A vixencia das tarxetas de residencia de familiar de cidadán da UE, segundo o art. 14 do RD 240/2007:

- a) Caducará polas ausencias superiores a 6 meses nun ano.
- b) Caducará polas ausencias superiores a 3 meses nun ano.
- c) Non caducará en ningún caso.
- d) Caducará polas ausencias superiores a 6 meses en 2 anos.

51. A Lei 13/2008, do 13 de decembro de servizos sociais de Galicia, atribúe entre outras as seguintes competencias aos concellos:

- a) a participación como entidade colaboradora , na xestión de prestacións económicas e nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia
- b) a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos sen prexuízo das competencias atribuídas a Xunta de Galicia
- c) todas son correctas
- d) ningunha é correcta

52. A libranza de asistencia persoal poderá recoñecerse:

- a) as persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia, calquera que sexa o seu grao
- b) exclusivamente a quen teña recoñecida unha dependencia de Grao II
- c) exclusivamente a quen teña recoñecida unha dependencia de Grao III
- d) exclusivamente a quen teña recoñecida unha dependencia de Grao I

53. Tramitarase o procedemento de valoración de dependencia e do dereito ás prestacións por prelación dos expedientes en situación de emerxencia social, nas seguintes situacións:

- a) unha situación de desamparo ou abandono
- b) situación de risco grave inminente para a súa integridade física ou psíquica
- c) situación de alta hospitalaria sen rede de apoio social
- d) a e b son correctas

54. O procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia resolverase no prazo máximo de:

- a) tres meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente
- b) seis meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente
- c) tres meses dende a saída do concello
- d) seis meses dende a saída do concello

55. O prazo de resolución para a elaboración do programa individual de atención, si non é un caso de emerxencia ou de menores:

- a) máximo de 3 meses dende a data de resolución do grao de dependencia
- b) máximo de 6 meses dende a data de resolución do grao de dependencia
- c) máximo de 3 meses dende a solicitude do grao de dependencia
- d) ningunha é correcta

56. As prestacións económicas do SAAD:

- a) son incompatibles entre si
- b) son incompatibles entre si e cos servizos do catálogo
- c) son compatibles entre si
- d) son incompatibles entre si e cos servizos do catálogo salvo cos servizos de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal e de teleasistencia

57. O ditame do grao de dependencia ten un carácter non permanente nos menores de 3 anos, debendo establecerse revisións:

- a) de oficio periódicas aos 6, 12, 18, 24 e 30 meses de idade
- b) de oficio non periódicas, segundo o caso específico
- c) de oficio periódicas aos 12 e 24 meses
- d) ningunha é correcta

58. O PIA (Programa Individual de Atención) revisarase de oficio polo órgano do departamento territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais nos seguintes supostos:

- a) polo traslado de residencia á Comunidade Autónoma de Galicia dende outra Comunidade Autónoma
- b) a proposta, debidamente motivada, do/a traballadora social dos servizos sociais comunitarios do domicilio do beneficiario, ou de ser o caso do/a traballador/a social do sistema de saúde ou traballador/a social dos servizos sociais especializados, responsable do seguimento do PIA
- c) ningunha é correcta
- d) a e b son correctas

59. Cando unha persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria (ABVD), polo menos unha vez ao día ou ten necesidade de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal:

- a) dependencia leve
- b) dependencia moderada
- c) dependencia severa
- d) gran dependencia

60. Segundo a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, os criterios para a valoración técnica da situación de risco ou de exclusión social, son, entre outros:

- a) estar en unha situación de cargas familiares non compartidas
- b) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

- c) calquera outro factor ponderado polos servizos sociais comunitarios, que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral
 - d) todas son correctas
61. Segundo a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, poderase eximir do requisito xeral da non existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos ou considerar que non teñen a obriga de prestar alimentos, cando:
- a) que se prevexa que a obriga do alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do que exista constancia no expediente
 - b) persoas que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo
 - c) ningunha é correcta
 - d) a e b son correctas
62. Dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver o expediente, o órgano de valoración e asesoramento da dependencia emitirá ditame técnico en que se propondrá a tramitación do expediente pola vía de emerxencia no prazo máximo de:
- a) 48 horas
 - b) 72 horas
 - c) 96 horas
 - d) ningunha é correcta
63. De conformidade co estipulado na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios financiaranse por medio de **(sinala a resposta falsa)**:
- a) dos créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares do servizo
 - b) de calquera achega pública ou privada destinada a este fin
 - c) dos prezos públicos correspondentes
 - d) das achegas con carácter finalista consignadas nos orzamentos xerais do estado
64. Segundo o establecido na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, terán a consideración de prestacións económicas:
- a) as rendas de inclusión social
 - b) as prestacións económicas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero
 - c) A libranza para coidados no entorno familiar de persoas en situación de dependencia.
 - d) todas son correctas
65. De conformidade co previsto na Lei 39/2006, a decisión sobre o ingreso nun centro residencial:
- a) a adoptará libremente a persoa en situación de dependencia
 - b) se adoptará polas persoas coidadoras
 - c) se adoptará polos familiares obrigados a prestar alimentos
 - d) se adoptará polas persoas coidadoras, previa comunicación á delegación provincial da Consellería de Política Social

66. Quen dita a resolución de recoñecemento da situación de dependencia?:

- a) o/a xefa/a territorial da Consellería de Política Social
- b) o/a delegado/a provincial da Consellería de Política Social
- c) o/a xefe/a de servizo do SADD
- d) o/a subdirector/a xeral da Consellería de Política Social

67. Cando é obrigatorio que as empresas elaboren e apliquen plans de igualdade?

- a) empresas de mais de 250 traballadores
- b) cando así o estableza o convenio colectivo aplicable
- c) ningunha é correcta
- d) todas son correctas

68. A discriminación por embarazo ou maternidade é considerada:

- a) discriminación directa por razón de sexo
- b) discriminación indirecta por razón de sexo
- c) discriminación negativa por razón de sexo
- d) discriminación indirecta por razón de xénero

69. A Lei para a igualdade efectiva entre mulleres e homes establece que a duración do permiso de lactación:

- a) poderase gozar acumulando en xornadas completas nos termos previstos na negociación colectiva ou por un acordo ca empresa
- b) virá sempre estipulado por un acordo da empresa igualitario para homes e mulleres
- c) terase que gozar reducindo a xornada diaria
- d) ningunha é correcta

70. Cal é a idade mínima para ser usuario dos centros de atención a persoas con discapacidade en Galicia?

- a) 14 anos
- b) 16 anos
- c) 18 anos
- d) non hai idade mínima

71. Conforme a Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e convivencia de Galicia, considéranse situacións de desamparo as seguintes (**sinala a resposta falsa**)

- a) o abandono da persoa menor de idade
- b) a convivencia nun contorno familiar que deteriore gravemente a integridade moral do menor ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- c) as conductas aditivas da persoa menor de idade co consentimento ou tolerancia das persoas que exercen a súa garda.
- d) O conflito aberto e permanente entre os pais, titores e gardadores ou entre calquera deles e a persoa menor, cando poida prexudicar o desenvolvemento persoal ou social do dito menor

72. As libranzas para coidados no contorno familiar se xustificarán:

- a) as recoñecidas con anterioridade ao 07.05.2013, anualmente, con declaración responsable de mantemento dos requisitos
- b) as recoñecidas con posterioridade ao 07.05.2013 semestralmente, con declaración responsable de mantemento dos requisitos e acreditando os gastos aos que se vincula a libranza
- c) as recoñecidas con posterioridade ao 07.05.2013 semestralmente, con declaración responsable de mantemento dos requisitos e acreditando os gastos aos que se vincula a libranza , nun 75% do importe da contía recoñecida
- d) a e c son correctas

73. Segundo a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, a contía do complemento familiar das axudas de inclusión social, polo primeiro convivente adicional é:

- a) 10% do importe mensual do IPREM
- b) 12% do importe mensual do IPREM
- c) 14% do importe mensual do IPREM
- d) 25% do importe mensual da contía máxima da Renda de Inclusión Social Galega

74. Poderán asumir a condición de coidadores non profesionais de unha persoa en situación de dependencia:

- a) o seu cónxuxe ou familiar por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o terceiro grao de parentesco
- b) o seu cónxuxe, ascendentes e descendentes, ata o terceiro grao de parentesco
- c) o seu cónxuxe ou familiar por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao de parentesco
- d) a persoa que conviva habitualmente coa persoa en situación de dependencia

75. O seguimento do programa individual de atención no fogar realizarase:

- a) se o recurso é o SAF o seguimento realizarase sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses
- b) nos outros casos realizarase un seguimento semestral durante o primeiro ano e posteriormente anual
- c) nos outros casos realizarase un seguimento anual
- d) a e b son correctas

RESERVA

76. Que debe determinar o programa individual de atención?

- a) as necesidades da persoa e os recursos máis adecuados ás necesidades da persoa en situación de dependencia en función do seu grao de dependencia
- b) as modalidades de intervención máis adecuadas ás necesidades da persoa en situación de dependencia en función da súa capacidade económica
- c) as modalidades de intervención máis adecuadas ás necesidades da persoa en situación de dependencia en función do seu grao e nivel de dependencia e da súa capacidade económica, de entre os servizos e prestación previstos na resolución para o seu grao
- d) ningunha é correcta.

77. Segundo a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, as axudas de inclusión social comprenden, entre outras:

- a) axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación
- b) axudas para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia
- c) ningunha é correcta
- d) a e b son correctas

78. A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia establece como entidades prestadoras de servizos sociais:

- a) administración autonómica
- b) entidades de iniciativa social
- c) entidades de iniciativa mercantil
- d) todas son correctas

79. Segundo a Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais se definen como:

- a) o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega
- b) o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados as persoas residentes en Galicia prestados polos concellos e Deputacións provinciais para garantir a satisfacción de todas as súas necesidades
- c) os planes, programas e proxectos destinados á poboación de Galicia que garanten a satisfacción de todas as súas necesidades con recursos postos a súa disposición pola Xunta de Galicia
- d) ningunha é correcta

80. Cales dos seguintes criterios non se terán en conta para a concesión do distintivo para as empresas en materia de igualdade?

- a) a presenza maioritaria de mulleres fronte a homes nos órganos de dirección
- b) a presenza equilibrada de mulleres e homes nos distintos grupos e categorías profesionais da empresa
- c) a publicidade non sexista dos produtos ou servizos da empresa
- d) a adopción de planes de igualdade u outras medidas innovadoras de fomento da igualdade